

Instrución 3/2025, do 24 de xullo de 2025, da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia pola que se regula o rexistro e xestión de proxectos de investigación de alta complexidade administrativa

PREÁMBULO

Os proxectos de investigación adoitan con frecuencia involucrar un elevado número de accións que supoñen un reto para a súa xestión científico-técnica e administrativa. O feito de que este tipo de proxectos contén cunha única persoa que actúa como investigador principal (IP) acostuma ser un requisito da convocatoria que financia, mais non responde á natureza complexa destes proxectos.

A división dun proxecto en subproxectos con diferentes persoas responsables responde á necesidade de abordar as distintas compoñentes científicas de forma especializada e coordinada, mellorando o seguimento a través da xestión de cada subproxecto con autonomía responsable. Esta estrutura reflicte mellor o desenvolvemento na práctica do proxecto, promove a eficiencia na xestión, fomenta a colaboración entre grupos de investigación e permite unha mellor asignación de recursos, así coma un seguimento máis rigoroso dos avances técnicos e científicos, a planificación financeira, a asignación de recursos e a xustificación de gastos.

Artigo 1. Obxecto

Esta instrución regula os procedementos de declaración, rexistro e xestión de proxectos de investigación de alta complexidade administrativa no ámbito da UDC.

Artigo 2. Proxectos de investigación de alta complexidade administrativa

Para efectos desta instrución enténdese por proxecto de investigación de alta complexidade administrativa, en adiante PACA, aquel para o que se precisa dun posicionamento, achega ou compromiso da UDC que excede o ámbito de acción ou interese dos investigadores/as que nel participan, ou dun proxecto que involucra a un número importante de grupos o centros e esixe dunha complexa coordinación.

Corresponde a declaración dun proxecto de investigación como PACA á vicerreitoría con competencias en investigación, ben de oficio ben a instancia das persoas que actúen como investigadoras principais dos proxectos, mediante unha solicitude motivada dirixida á Vicexerencia de Xestión da Investigación (anexo 1). As solicitudes serán aprobadas, se for o caso, polo/a vicerreitor/a con competencias en investigación.

Artigo 3. Rexistro de proxectos de alta complexidade administrativa

Os PACA adoitan ser asinados polo reitor, e a oficina administrativa de entrada adoita ser o Rexistro da Secretaría Xeral. Nalgúns caso, pódense declarar como PACA outros proxectos cuxa oficina de entrada sexa a Oficina de Proxectos Internacionais (OPI), o Servizo de Investigación (SERIN) ou outra instancia da vicerreitoría con competencias en investigación.

Na vicerreitoría con competencias en investigación crearase un rexistro que recolla os PACA, así como un histórico de todos os declarados, citando da súa oficina de entrada. Este rexistro será xestionado pola oficina de proxectos de alta complexidade administrativa (OPACA), que dependerá da Vicexerencia de Xestión da Investigación que tamén será responsable da súa actualización.

O rexistro será público e accesible desde a páxina web da OPACA e conterá cando menos a seguinte información:

- a) a denominación e os códigos de referencia do proxecto;
- b) as datas de concesión e de declaración como proxecto;
- c) o nome do/s investigador/es principal/is titulares do proxecto; e
- d) a listaxe dos subproxectos coas persoas responsables correspondentes.

A este rexistro asociarase, de xeito non público, esta outra información:

- d) a folia de cálculo da repartición anualizada asignada a cada IP e cada subproxecto (no futuro esta información pode volcarse a outro soporte);
- e) as cláusulas e estipulacións de carácter científico-técnico; e
- f) o sistema de gobernanza.

Artigo 4. Xestión de proxectos de alta complexidade administrativa

Cada proxecto deberá contar cun organigrama de gobernanza, un cronograma de accións, una folia económica asociada e as cláusulas particulares, en especial de carácter científico-técnico, que sexan de aplicación. Os modelos oficiais figuran no anexo 2 desta instrución.

Xestión científico-técnica

Os/as IP titulares coordinarán o proxecto, serán as persoas responsables dos gastos e definirán, de acordo co sistema de gobernanza, os diferentes subproxectos asociados. Cada subproxecto contará cun/ha investigador/a responsable, que debe manter a coordinación para efectos de xestión e execución do proxecto cos/as IP titulares. Unicamente poderá establecerse un subproxecto cando o/a investigador/a responsable sexa dun grupo ou centro de investigación diferente dos/as IP titulares.

Xestión contable

A folla económica coa desagregación do proxecto deberá estar asinada polos/as IP e por cada un das persoas responsables dos diferentes subproxectos. Esta folla poderá modificarse tantas veces como for necesario ao longo da execución do proxecto, respectando as condicións establecidas para cada subproxecto e sempre coa conformidade de todas as persoas asinantes e co visto e prace da vicerreitoría con competencias e investigación. A OPACA será informada de todas estas modificacións, co fin de que actualice a información no rexistro de proxectos PACA.

O orzamento que se consigne a cada subproxecto formará parte da contabilidade separada do grupo de investigación da UDC ao que pertenza o/a investigador/a responsable e/ou do centro de investigación ao que estea vinculado.

Artigo 5. Resolución de controversias

As controversias que se susciten deberanse resolver, en primeira instancia, de acordo co cadro de gobernanza do proxecto PACA.

No caso de persistiren, a vicerreitoría con competencias en investigación mediará para a resolución de conflitos para o que escoitará as partes interesadas.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta instrución entrará en vigor a partir ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia

Jerónimo Puertas Agudo

**ANEXO 1- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DUN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN
COMO PROXECTO DE ALTA COMPLEXIDADE ADMINISTRATIVA (PACA)**

INVESTIGADOR/ES/AS PRINCIPAL/IS (engádanse as táboas que sexan precisas)

Investigador/a principal 1			
Nome e apelidos		DNI	
Grupo de investigación			
Centro de investigación			

Investigador/a principal 2			
Nome e apelidos		DNI	
Grupo de investigación			
Centro de investigación			

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Acrónimo			
Referencia externa			
Oficina de entrada			
Código UDC			
Programa			
Convocatoria			
Título			
Importe total		Importe UDC	
Data inicio		Data de fin	

SUBPROXECTOS DE INVESTIGACIÓN (engadir as filas que sexan precisas)

	Investigador/a responsable	Denominación	Importe asignado	% asignado
P1				
P2				
P3				

MOTIVACIÓN

--

A Coruña/Ferrol, na data da sinatura dixital
Investigador/es principal/is

ANEXO 2 - INFORMACIÓN PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DE ALTA COMPLEXIDADE ADMINISTRATIVA (PACA)

OFICINA DE ENTRADA

Código UDC

Proyecto

Data inicio

Importe Total

Importe UDC

Código Externo

Data de fin

Acordo

Data declaración

IP Traxectoria

IP SUBPROXECTO 1

IP SUBPROXECTO 2

IP SUBPROXECTO 3

Denominación PROXECTO

Denominación SUBPROXECTO 1

Denominación SUBPROXECTO 2

Denominación SUBPROXECTO 3

Nome

Acronimo

Proxectos de alta complexidade administrativa (PACA)

ANO

Asignado

% Asignado

Ejecutado

% Ejecutado

Asignado

% Asignado

Ejecutado

% Ejecutado

Asignado

% Asignado

Ejecutado

% Ejecutado

Total

Ejecutado

TOTAL

% resp. Asig.

Observacións

Autas PDF

Sistema de Gobernanza

Estipulacións Científico-técnicas

Estipulacións Científico-técnicas

Autas PDF

Sistema de Gobernanza

Estipulacións Científico-técnicas

Estipulacións Científico-técnicas

IP Proyecto

IP SUBPROXECTO 1

IP SUBPROXECTO 2

IP SUBPROXECTO 3

Asido.

Asido.

Asido.

Asido.

A Coruña,

de

de